

Aberto o procedemento de investigación da propiedade na concentración parcelaria

Un proceso que está a reorganizar 1.957 hectáreas en Lamas, Loureda, Sergude e Vigo

Máis de 200 veciños e veciñas de Boqueixón ategaron o centro social de Lamas para asistiren a unha reunión informativa sobre o procedemento de investigación da propiedade na parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo. Un paso adiante neste proceso de reestruturación parcelaria que está a reorganizar unha superficie de 1.957 hectáreas, divididas en 10.460 parcelas propiedade de 1.195 veciños e veciñas. Un proceso que mellorará a estrutura territorial da zona e beneficiará a 136 explotacións agropecuarias.

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, agradeceu a gran participación veciñal: “reunir a máis de 200 veciños e veciñas nunha mesma sala é unha mostra enorme da vosa implicación e do compromiso co futuro das nosas terras. Grazas por participar, por preguntar e por construír comunidade”. Neste sentido, Rodeiro fixo fincapé na importancia deste proceso, no que a Xunta inviste máis de 5,8 millóns de euros, xa que “suporá reorganizar mellor o territo-



Máis de 200 veciños ategaron o centro social de Lamas na reunión informativa

rio e mellorar as condicións técnicas e económicas das explotacións que hai na zona, co conseguinte beneficio para os veciños e veciñas”. Un proceso de concentración solicitada no seu día pola propia veciñanza e que contou dende o primeiro momento co apoio do Concello de Boqueixón.

Resolución de dúbidas

Na reunión, os técnicos explicáronlles aos veciños que agora dáse un paso adiante no procedemento co inicio dos traballos de investigación da propiedade, lembrando que aquelas parcelas que non sexan declaradas durante este

período de investigación da propiedade serán consideradas como parcelas “de persoa descoñecida”.

Así mesmo, déronlles conta da documentación obrigatoria que deben preparar neste procedemento: datos persoais e DNI (propio e do cónxuxe ou herdeiros, enderezo, código postal do domicilio e teléfono), escrituras públicas completas (orixinais) e autorización para terceiros, se vén outra persoa (que pode ser feito a man). As bases están dispoñibles na canle de Whats'App creada co inicio da parcelaria e a través da web da Consellería do Medio Rural.

Planos expostos no centro social de Lamas

Os planos parcelarios xa están expostos no centro social de Lamas. Para axilizar o proceso, recoméndase identificar ben as parcelas no plano (anotando a lapis na escritura o número de polígono e parcela correspondente) e actualizar os títulos (ben por vendas, ben por herdanzas).

Para evitar masificacións á hora de recoller a documentación, recoméndase acudir por parroquias e de luns a xoves (de 9 a 14 e de 15:30 a 18:30) e os venres (de 9 a 14 e de 15:30 a 17:00). Tras á veciñanza de Lamas, agora tócalle a Vigo (27 de abril a 8 de maio), Loureda (do 11 ao 27 de maio) e Sergude (do 28 de maio ao 12 de xuño). A maiores, haberá un prazo extra do 15 ao 19 de xuño para calquera outra cuestión.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

30 mar / 03 mai

CODESO - DONAS

Campo da festa

04 mai / 31 mai

OURAL - POUSADA - SUCIRA

Casa da Cultura

01 xun / 30 xun

LEDESMA

Campo da festa



O Concello convoca as axudas ás entidades sen ánimo de lucro do municipio

O Concello de Boqueixón abre ata o próximo 6 de xuño o prazo de solicitude das axudas a entidades sen ánimo de lucro para este ano 2026, que suporán un investimento de 15.000 euros.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, explica que “o obxectivo destas axudas é financiar actividades que complementen as organizadas polo Concello e que contribúan ao fomento dos intereses do municipio”.

As subvencións, convocadas en réxime de concorrencia competitiva, non poderán superar os 1.000 euros por entidade, podendo financiarse o 100% do custo total da actividade.

As entidades e asociacións de Boqueixón que desexen acceder a estas axudas deberán presentar as súas solicitudes a través da Sede Electrónica.

Boqueixón acolle o Foro da España Despoboadada

A Escola de Capacitación Agraria de Sergude acollerá o 10 de xuño o Foro da España Despoboadada da Cadena Ser, unha iniciativa itinerante que percorre municipios rurais para abordar cuestións como o reto demográfico, a sostibilidade ou as oportunidades de desenvolvemento no rural.

REUNIÓN INFORMATIVAS MUNICIPAIS 2026

DATA	PARROQUIA	LUGAR	HORA
Venres 8 de maio	SERGUDE	Local social	21:00 h
Mércores 13 de maio	LESTEDO	Local social	21:00 h
Venres 22 de maio	LEDESMA	Local social	21:00 h
Domingo 24 de maio	LOUREDA	Local social	11:00 h

Sergude, Lestedo, Ledesma e Loureda pechan as reunións por parroquias

Os locais sociais de Sergude (venres 8 de maio), Lestedo (mércores 13 de maio), Ledesma (venres 22 de maio) e Loureda (domingo 24 de maio) pecharán o ciclo de reunións informativas por parroquias deste ano. Uns encontros de acceso totalmente libre e de balde, sen necesidade de anotarse previamente, que terán lugar ás nove da noite (salvo en Loureda, onde será ás 11 da mañá).

Nestas reunións, o Grupo de Goberno, encabezado polo alcalde Ovidio Rodeiro, dará conta de distintos asuntos de interese municipal, centrados sobre todo en cuestións relacionadas coa propia parroquia, e resolverán ta-



Reunión informativa celebrada no local social de Vigo

mén as dúbidas planteadas polos veciños e veciñas.

Non faltarán temas como a xestión de residuos (compostaxe, recollida de plásticos, contedores), o urbanismo, limpeza de franxas secundarias,

renovación do alumeadado público, programas de atención social, actividades culturais, axudas e subvencións, saneamento, obras e melloras nos servizos municipais.

Comezan as obras de mellora e ampliación do saneamento en Xiadás

O Concello de Boqueixón vén de iniciar as obras de mellora e ampliación da rede de saneamento municipal en Xiadás (Gastrar), onde se vai instalar unha nova canalización de 313 metros de tubaxe con 8 pozos de rexistro e 11 arquetas para conexións. A maiores, construírse unha pequena estación depuradora con capacidade para 25 habitantes.

O alcalde, Ovidio Ro-

deiro, explica que “continuamos ampliando e mellorando a nosa rede municipal de saneamento, onde as obras na aldea de Zaramacedo, na parroquia de Lamas, avanza a moi bo ritmo”.

En total, neste proxecto Vigo investiranse máis de 400.000 euros, do POS+ Adicional 2/2024, en oito aldeas: Xiadás, Zaramacedo, Ardilleiro Pequeno, Eirexe, Agra, Frenza, O Casal e Vilalapaz.



Obras de saneamento en Xiadás

O Concello acometerá melloras na área recreativa de Sucira

Comezan as obras de mellora e ampliación da senda dos pescadores

O Concello de Boqueixón vén de iniciar as obras de mellora e ampliación da senda dos pescadores e viticultores do Ulla, un sendeiro á beira do río que discorre por camiños que eran usados tradicionalmente por pescadores da zona. Agora, co asentamento de viticultores, o Concello aposta por aproveitar os novos camiños abertos por eles na explotación dos viñedos para facer esta ampliación, favorecendo a creación de novos accesos á ruta.

As obras, nas que o Concello inviste máis de 60.000 euros, inclúen a construción dunha escaleira para facilitar o acceso á Fervenza de Codeso. A maiores, instalárase nova sinalética para guiar aos sendeiristas con 10 sinais informativas nos dous extremos da ruta, no miradoiro de Neira Vilas, na entrada e saída do lugar de



O Concello investirá máis de 80.000 euros na mellora da ruta dos pescadores

Donas e nos locais de hostalería da contorna. Ademais, colocaranse aparcabiscis nas contornas dos locais hostaleiros e un banco no Miradoiro Neira Vilas.

Área recreativa de Sucira

Coincidindo co inicio das obras, o Concello vén de adjudicar outra actuación nesta ruta: a mellora da área de recreo de Sucira, na que investirá outros 20.000 eu-

ros. A actuación inclúe a retirada dos bancos de madeira e das mesas e bancos de pedra que están en mal estado, que serán substituídos por 6 mesas de pedra de granito, cos seus correspondentes bancos, así como por outros 5 bancos individuais, tamén en granito. A maiores, integrarase ambientalmente o contedor de lixo a través dun cubrecolector en madeira.



Contacontos para as familias no ximnasio do Forte

O ximnasio do Forte acollerá o xoves 7 de maio, ás 16:00 horas, "Historias Soñadas", un contacontos de Trémola Teatro aberto ás familias de Boqueixón e que as achegrá á figura de Rosalía de Castro.

Unha iniciativa do Concello de Boqueixón e o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, dentro da campaña de sensibilización e prevención contra a violencia de xénero.



Tradición e talento no Festival Roibén das Letras

O Festival Roibén das Letras, organizado pola AC Mestre Manuel Gacio, enchou Lestedo de música, baile e tradición. Os grupos da asociación actuaron canda unha convidada especial: a Escola de Cantigas e Agarimos. O alcalde Ovidio Rodeiro acompañounos nunha xornada especial no campo da Feira.



Boqueixón promociónase na Festa do Viño da Ulla

Queixos Bo Queixo, tartas de Santiago de Orlando, porco celta de Orixes Galegas, filloas recheas de Lestedo e viño de Altos de Torona e Enoturismo María Manuela foron os produtos que se puideron catar no stand do Concello de Boqueixón na Festa do Viño da Ulla e que fixeron as delicias dos visitantes.

Os cursos de natación volven á piscina do Forte no mes de xullo

O Concello abrirá a finais de maio o prazo de inscrición nos cursos de natación da temporada 2026. Unhas clases que terán lugar nas mañás do mes de xullo na piscina municipal do Forte.

O curso está dirixido a nenos e nenas de 4 a 12 anos, que poderán elixir entre dous niveis: iniciación e perfeccionamento. O prezo é de 15 euros. Máis información e ficha de inscrición en boqueixon.gal

Galas de fin de curso das escolas deportivas de patinaxe e rítmica

Os polideportivos municipais de Lestedo e do Forte acollerán a finais do mes de maio as galas de fin de curso das escolas deportivas de patinaxe e de ximnasia rítmica, respectivamente.

Así, o xoves 28 de maio, ás 18:00 h, o renovado pavillón deportivo de Lestedo será a sede do peche do curso do Club Ágora-Boqueixón de Patinaxe. Dous días despois, o sábado 30 de maio, ás 16:30 h, o polideportivo municipal do Forte acollerá a gala de peche de actividades do Club Squadra Boqueixón. En ambos os dous casos, os centos de participantes farán exhibición das habilidades adquiridas neste curso.

O IV Torneo F11 Sub12 Vedra-Boqueixón terá lugar o 23 de maio

Os alcaldes de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e Vedra, Carlos Martínez, presidiron a presentación oficial do IV Torneo F11 Sub12 Vedra-Boqueixón ED, que xa se ten convertido nunha cita ineludible do deporte de base da comarca. O torneo terá lugar o sábado 23 de maio en tres sedes: os campos de O Forte, O Coto e Manuel Silva.

Nel participarán un total de doce equipos, divididos en tres grupos de 4 conxuntos que xogarán 3 partidos de 35 minutos pola mañá, onde se decidirán as clasificacións para a fase final da tarde onde xogarán a partir das 15:45 horas. No Forte competirán do 9º ao 12º (con entrega de premios ás 19:00 horas), no Manuel Silva xogarán do 5º ao 8º (entrega de premios ás



Presentación do torneo realizada diante da Ponte de Gundián

20:35 horas) e no Coto disputaranse do 1º ao 4º posto (con entrega de premios ás 20:45 horas).

Os equipos que tomarán parte no torneo son: Vedra-Boqueixón ED, Ourense CF, Ulla-Cordeiro CF, CD Conxo Santiago, Escola de Fútbol de Lalín, Escola de Fútbol de Silleda, SD Villestro, Victoria CF, SD

Compostela, Amio SD, SD Cacheiras e Atlético Fátima.

Todos os partidos terán unha duración de unha parte de 35 minutos, con cambios ilimitados (salvo nos últimos 5 minutos). A única excepción será a gran final, que se disputará ao mellor de dous tempos de 25 minutos, con 10 minutos de descanso.

Primeira edición do Campus AC33 Hickory de baloncesto, con Corbacho

A ED Vedra-Boqueixón e o xogador profesional da ACB Alberto Corbacho veñen de chegar a un acordo para poñer en marcha a primeira edición do Campus AC33 Hickory, que se desenvolverá no pavillón municipal de Vedra do 22 ao 27 de xuño, en horario de 9:30 a 15:00 horas. Unha iniciativa dirixida a nenos e nenas de premini a junior que gusten do baloncesto, xa que o campus combinará tecnificación, mellora do tiro, traballo individual e colectivo, ademais de compartir valores como o compañeirismo ou a autosuperación.

O campus foi presentado en Vedra nun acto que con-



Presentación do I Campus AC33 Kickory, que terá lugar do 22 ao 27 de xuño

tou coa presenza do propio Alberto Corbacho, quen estivo acompañado polos alcaldes de Boqueixón, Ovidio Rodeiro; e Vedra, Carlos Martínez; así como polo presidente e a secretaria da ED Vedra-Boqueixón, Luís Carbia e Silva Fernández; o

adestrador do Basket Ribadulla, José Souto; e o concelleiro de Deportes de Vedra, Juan Cernadas.

O prezo do campus é de 280 euros e o número de prazas é limitado. Inscricións en: <https://acortar.link/Ams9Fh>

As Carrozas do San Cidre celebran o primeiro ano como Festa de Interese Turístico de Galicia

A festa terá lugar o sábado 16 e o domingo 17 de maio, data do LII Desfile de Carrozas

O alcalde, Ovidio Rodeiro; e o presidente da Asociación das Carrozas do San Cidre, Alejandro Pena; presentaron o programa da 52 edición da Festa das Carrozas do San Cidre, a primeira que se desenvolverá baixo a distinción de Festa de Interese Turístico de Galicia e cuxo día grande terá lugar o domingo 17 de maio. Un acto no que estiveron acompañados por Juan Neira, da Comisión de Festas; Mónica López, mestra do CRA Boqueixón-Vedra; Mari Taboada, representante dunha das carrozas; e polos concelleiros de Cultura e de Turismo, Gonzalo Redondo e José Luís Mareque.

Ovidio Rodeiro puxo en valor “a primeira festa de exaltación dos labores do campo que se puxo en marcha na comarca de Compostela hai máis de medio século” e puxo en valor “o traballo dos veciños e veciñas do



Presentación oficial da LII Festa das Carrozas do San Cidre

Oural, que levan semanas, algúns ata meses, traballando arreo na preparación da festa e das espectaculares carrozas que desfilarán pola parroquia na mañá do 17 de maio”. Ademais, felicitou tanto á Comisión de Festas como á Asociación das Carrozas do San Cidre “por non deixarse vencer pola presión e dedicar máis tempo, esforzo e paixón para ofrecernos unha festa inesquecible,

chea de cor, emoción e tradición.

Pola súa banda, Alejandro Pena presentou a programación deste ano e convidou aos presentes a achegarse pola casa da cultura de Camporrapado o sábado 9 de maio, ás 19:30 horas, para a presentación dun libro sobre o medio século de historia desta celebración, con imaxes e testemuños da veciñanza de Oural.

PROGRAMACIÓN

Sábado 16 de maio. Ás 22:00 h, misa na honra á Nosa Señora de Fátima, con procesión coa agrupación Sete Pontes. Ás 23:00 h, verbena co Grupo Tadoo e Discoteca Móbil Pirámide XXL co DJ Marcos Kintana.

Domingo 17 de maio. LII Desfile de Carrozas do San Cidre: exposición (11:00 h) e desfile ás 12:00 h, coas charangas BB+ e Os Atrevidos, e a banda de gaitas Nova Fronteira, que volverán actuar pola tarde. A esa mesma hora, misa na honra a San Cidre.

As 14:00 h, entrega de premios ás mellores carrozas e o pregón de María Mera. Degustación de viños e petiscos nas carrozas. E ás 18:00 h, verbena coa orquestra La Ocaband.



Os benxamíns da ED Vedra Boqueixón triunfan na Estrada

O equipo benxamín das Escolas Deportivas Vedra-Boqueixón vén de tomar parte no Torneo de fútbol do veciño concello de A Estrada, disputado a principios do mes de abril. Un campionato onde a nosa rapazada destacou e rematou logrando un máis que meritorio terceiro posto.



Boqueixón de moda: Andión Clothing desfila en Camariñas

Dende o seu taller en Lestedo, a deseñadora Carmen Pichel e a súa filla Carmen Mogo veñen de triunfar no desfile de Grandes Deseñadores da Mostra do Encaixe de Camariñas. As creacións desas dúas veciñas brillaron tanto no desfile realizado na Mostra como no da Praza de María Pita na Coruña.

O programa Verán Activo abre inscricións ata o 10 de maio

Este servizo de conciliación terá lugar do 22 de xuño ao 7 de setembro

O Concello de Boqueixón abre ata vindeiro 10 de maio o prazo de inscrición no servizo de conciliación Verán Activo 2026. Trátase dun servizo de coidados para a rapazada de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos durante o período vacacional do verán: do 22 de xuño ao 7 de setembro.

O programa inclúe actividades lúdicas, educativas e deportivas en horario de 9:00 a 14:00 h (do 22 ao 30 de xuño e do 1 ao 8 de setembro) e con posibilidade de ampliación horaria de 8:00 a 15:00 h nos meses de xullo e agosto para aqueles que así o soliciten na ficha de inscrición. Unha ampliación posible grazas ao programa +Concilia. A maiores, o Concello ofrece a posibilidade de optar a servizo de comedor, no que o horario de recollida será



de 14:00 a 16:00 horas.

Para participar, é preciso que a rapazada cumpra un destes dous requisitos: que as súas nais, pais, titoras ou titores estean empadroados en Boqueixón cun mínimo de 3 meses de antigüidade; ou que a crianza estea escolarizada nun centro educativo do municipio (e así o acrediten). As inscricións faranse enviando a ficha de solicitude e demais

documentación solicitada de forma telemática (a través da sede electrónica), preferentemente, ou presencial (no Rexistro Xeral).

Os prezos son: 25 €/semana, 50 €/quincena, 100 €/mes e 7 € días soltos. A maiores, o Concello de Boqueixón establece bonificacións ás familias de entre o 25 e o 100% do importe. Máis información: www.boqueixon.gal.

O campamento CREA abre en maio inscricións

O Concello ultima o campamento CREA, unha iniciativa gratuita dirixida a mozos e mozas matriculados ese ano na ESO. O seu obxectivo é crear un espazo lúdico-educativo no verán empregando unha metodoloxía de educación non formal que favoreza a aprendizaxe da rapazada e fomente a creatividade.

O campamento CREA terá lugar no mes de xullo, en horario de 9:00 a 14:00 horas, con posibilidade de aumento horario por conciliación. A maiores, ofrécese a posibilidade de optar ao servizo de comedor, de forma que a recollida da mocidade tería lugar ás 15:30 horas.

Máis información na Oficina Municipal de Información Xuvenil: 981 513 115.



As familias aprenden trucos para xestionar os conflitos coas crianzas

O CPI Antonio Orza Couto acolleu unha nova sesión do programa "Educar en Familia", organizado polo Concello, en colaboración coa Dirección Xeral de Saúde Pública, e impartido polo Servizo de prevención de condutas adictivas. Unha sesión que xirou sobre a xestión de conflitos na familia.



O Concello reforza o seu apoio ao deporte e a inclusión

O alcalde Ovidio Rodeiro vén de asinar tres convenios de colaboración para promover o deporte de base, a través da Escola Deportiva Vedra-Boqueixón e do Club de Montaña Vértice, e favorecer a inclusión social das persoas con problemas auditivos mediante a Asociación de Persoas Xordas de Santiago (APSSC).

Tempo de festa en Lamas, Pousada e Codeso

O pasado mes de abril trouxo un espectacular adianto das festas do verán, comezando co éxito do Code Fest. Que unha pequena parroquia coma Codeso conseguira que un xigante como a orquestra Panorama elixira a súa festa para estreitar a temporada de 2026 en Galicia é algo extraordinario. Sorprendente xa non, despois de que esta comisión de festas lograra traer á París de Noia e á Olympus nas primeiras edicións. Unha aposta que xuntou en Codeso a milleiros de persoas, que xa agardan coñecer cal será a sorpresa de 2027.



Centos de persoas desfrutaron das festas populares celebradas en Lamas, Pousada e Codeso

Quen tamén o pasaron en grande foron os veciños e veciñas de Pousada, que celebraron as súas Festas Patronais coas actuacións

dos grupos de gaitas Pena do Corvo e Sete Pontes. E pecharon o mes as Festas en Santa María de Lamas, co grupo Reflejos, as Pandeire-

teiras de Codeso, o Grupo Origen e a orquestra Los Satélites. Parabéns a todas as comisións de festas polo seu traballo.

AXENDA DO MES DE MAIO

Xoves
7

"Historias Soñadas", contacontos para familias

Ximnasio do Forte. 16:00 h.
Contacontos de Trémola Teatro
incluído no Pacto de Estado contra a
Violencia de Xénero.

Venres
8

Reunións por parroquias

Local social de Sergude,
21:00 horas.

Venres
8

Recollida documentación parcelaria

Centro social de Lamas.
Ata o 8 de maio.
Propietarios/as de Vigo.

Sábado
9

Presentación do libro das Carrozas do San Cidre

Casa da Cultura de Camporrapado,
19:30 horas. Entrada libre.

Domingo
10

Verán Activo

Fin do prazo de inscrición para o
programa de conciliación.

Luns
11

Recollida documentación

Centro social de Lamas.
Do 11 ao 27 de maio.
Propietarios/as de Loureda.

Mércores
13

Reunións por parroquias

Local social de Lestedo,
21:00 horas.

Sábado
16

Carrozas do San Cidre

22:00 h. Misa na honra á Nosa
Señora de Fátima, procesión co
grupo "Sete Pontes".
23:00 h. Verbena. Grupo Tatto e
Discoteca Móbil Pirámide XXL co DJ
Marcos Kintana.

Domingo
17

Carreira Camiño das Letras

Pico Sacro. 10:00 horas.
Inscricións ata o 14 de maio en
www.carreirasgalegas.com

Domingo
17

Carrozas do San Cidre

11:00 h. Exposición das carrozas.
12:00 h. Misa na honra ao San Cidre.
12:00 h. Desfile das carrozas coas
charangas BB+ e Os Atrevidos e a
banda de gaitas Nova Fronteira.
14:00 h. Entrega de premios. Pregón
con María Mera. Degustación de
petiscos.
15:00 h. Actuación Nova Fronteira.
18:00. Verbena: La Oca Band.

Venres
22

Reunións por parroquias

Local social de Ledesma,
21:00 horas.

Sábado
23

IV Torneo F11 Sub 12

Campos de O Forte, O Coto e
Manuel Silva.

Domingo
24

Reunións por parroquias

Local social de Loureda,
11:00 horas.

Xoves
28

Gala fin de curso Ágora-Boqueixón

Pavillón de Lestedo. 18:00 h.

Xoves
28

Recollida documentación

Centro social de Lamas.
Do 28 de maio ao 12 de xuño.
Propietarios/as de Sergude.

Sábado
30

Gala fin de curso Squadra Boqueixón

Pavillón do Forte. 16:30 h.

Luns
22

... e en xuño Campus AC33 Hickory de baloncesto

Pavillón municipal de Vedra,
do 22 ao 27 de xuño